


Fundación **GALICIA EUROPA**
Memoria 2008



Galego



fundación
GALICIA EUROPA





A Fundación Galicia Europa como piar para a construción da nova Europa das Rexións


Desde sempre, Galicia mirou cara ao exterior. Con todo, a importancia que a UE acadou hoxe na vida de todos os cidadáns obriga máis que nunca a tender pontes que nos permitan estar fortemente conectados con Europa. Desde hai máis de dúas décadas, a Fundación Galicia Europa (FGE), que teño a honra de presidir, traballa para afianzar a presenza de Galicia nesta gran comunidade e reforzar a conciencia dos galegos como cidadáns da Unión.

Ao longo destes anos, a Fundación Galicia Europa mostrou orgullosa a nosa identidade e a nosa cultura en todas as súas manifestacións. Na súa defensa dos intereses de Galicia, a FGE quixo pouco a pouco converterse tamén en guía daqueles emprendedores que, en todos os eidos, entenden a necesidade de abrirse a novos horizontes para seguir progresando nunha Europa cada vez máis ampla e plural.

Durante 2008, a Fundación Galicia Europa inaugurou as novas instalacións da súa sede en Bruxelas, situada xunto ás principais institucións da Unión Europea. Deste xeito, sitúase aínda máis preto do lugar onde se toman decisións que importan a todos os galegos. A moderna oficina do “barrio europeo” preséntase ademais como unha plataforma que permitirá asumir importantes retos de futuro e proxectar ao exterior a imaxe dunha Galicia avanzada e innovadora.

A Fundación Galicia Europa non só transmite á cidadanía galega o que acontece no ámbito comunitario, senón que comprende a necesidade de contribuír á construción da nova ‘Europa das Rexións’ para que Galicia poida gozar de maior capacidade para defender eficazmente os seus intereses. Temos moito que mostrar e demostrar; por ese motivo, aspiramos a algo máis que a ser meros observadores desde unha fiestra a Europa. Desde Galicia, abrimos a porta ao intercambio de valores, experiencias e ideas cos nosos veciños europeos para seguir avanzando cara á modernidade e o progreso.

Emilio Pérez Touriño
Presidente da Xunta de Galicia
Presidente da Fundación Galicia Europa






Novo rumbo da Fundación Galicia Europa

Neste último ano de andaina, a Fundación Galicia Europa deu un xiro substancial á súa actividade. Sen abandonar nunca os seus obxectivos iniciais, desde a Fundación consideramos conveniente adaptarnos ás demandas dun mundo cada vez máis interdependente e globalizado, contribuíndo e fomentando na medida do posible ao intercambio económico e comercial entre Galicia e o exterior. Para iso, deuse un grande impulso ao Centro de Negocios, iniciativa aprobada polo padroado o pasado ano, coa finalidade de favorecer a internacionalización das pequenas empresas, cooperativas e colectivos profesionais de Galicia no marco da Unión Europea.

Superados xa os seus 20 anos de traballo, a Fundación Galicia Europa segue representando a Galicia en Bruxelas e ante as institucións europeas e intentando achegar cada día un pouco máis Galicia a Europa e Europa aos galegos. Desde 1988, ano en que nace a Fundación Galicia Europa como entidade cultural privada para actuar como enlace directo coa capital comunitaria, os seus obxectivos de informar, formar e promocionar a nosa Comunidade fóronse completando con novas funcións, tomando parte máis activamente en proxectos de cooperación con outras rexións europeas, en foros rexionais e fortalecendo a influencia dos sectores produtivos galegos na Unión Europea.

Así pois, nesta aposta decidida pola internacionalización da empresa galega, a Fundación Galicia Europa centrou a súa actividade este último ano, recibindo unha moi boa acollida por parte de moi diversos sectores do empresariado galego. Na situación de enorme competitividade na que nos atopamos é fundamental concienciar ás pemes da necesidade de buscar novos mercados, pero sobre todo, é imprescindible facilitarlles este labor, promovendo o acceso aos programas de apoio, a participación en redes rendibles, a procura de socios e materias primas competitivas, entre outros. O Centro de Negocios traballou nesta dirección, colaborando individualmente con cada empresa, resolvendo as dúbidas e problemas que fan difícil afrontar o reto da expansión internacional especialmente en pequenas e medianas empresas.

Julio César Fernández Mato
Secretario Xeral de Relacións Exteriores
Director apoderado da Fundación Galicia Europa



ÍNDICE

01	9	A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA
	9	1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos
	10	1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: Entidades membros e Padroado
	12	1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa
	14	1.4. Convenios coa Xunta de Galicia
02	17	PROMOCIÓN DOS INTERESES GALEGOS EN EUROPA
	17	2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea
	18	2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións
	19	2.3. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas (CORE)
	21	2.4. Organización de visitas de representantes galegos a Bruxelas
	22	2.5. Organización de visitas de grupos a Bruxelas
	23	2.6. Actividades culturais en Bruxelas
	24	2.7. Organización de seminarios en Bruxelas
03	27	FOMENTO DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS
	27	3.1. Asesoramento na fase preliminar dos proxectos
	28	3.2. Axuda á realización de actividades de execución do proxecto
04	31	INFORMACIÓN SOBRE A UE
	31	4.1. Portal Web
	31	4.2. Boletín electrónico
	32	4.3. Proxecto de información da Unión Europea en América Latina
	32	4.4. Guía de Prácticas e Saídas Laborais na Unión Europea e Organizacións Internacionais
05	35	FORMACIÓN
	35	5.1. Bolsas
	37	5.2. Cursos, seminarios e xornadas en Galicia
	38	5.3. Liña de axudas a entidades para a realización de actividades relacionadas coa integración europea
	39	5.4. Actividades dirixidas á mocidade
06	43	O CENTRO DE NEGOCIOS GALICIA EUROPA
	43	6.1. Centro de Negocios Galicia Europa: Contexto
	44	6.2. Servicios ofrecidos polo Centro de Negocios
	50	6.3. Accións de comunicación
	50	6.4. Observacións
07	53	EUROPA EN GALICIA. ¿QUEN É QUEN?

01

A Fundación Galicia Europa

1.1. A Fundación Galicia Europa e os seus obxectivos

A Fundación Galicia Europa é unha entidade sen ánimo de lucro creada no 1988 co fin de promover todas as accións que propicien o achegamento entre Galicia e Europa. Participada por diversas entidades públicas e privadas galegas, a Fundación leva animando e apoiando, ao longo dos seus vinte anos de existencia, a presenza galega no proceso de construción europea, levando a cabo unha intensa labor de información e asesoramento, formación e promoción dos intereses galegos.

No 2008 a FGE viu ampliados os seus obxectivos coa creación do Centro de Negocios Galicia Europa. A posta en marcha desta ambiciosa iniciativa permite achegar Europa non só á cidadanía senón tamén á empresa. Trátase dunha plataforma deseñada para facilitar o acceso das pemes, cooperativas e grupos profesionais de Galicia ao mercado internacional, a través de asesoramento continuado durante todo o proceso de exportación e da prestación de vantaxosos servizos a prezos competitivos. En definitiva, no actual contexto económico, o Centro de Negocios Galicia Europa supón unha aposta pola modernización e internacionalización da economía galega como garantía de futuro.

Para afrontar estes novos retos, a Fundación Galicia Europa conta cunhas instalacións de primeiro orde inauguradas en abril deste mesmo ano polo presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño. O acto de presentación da nova oficina, situada no centro neurálxico da actividade da UE, permitiu ademais promocionar os intereses

galegos e dar a coñecer o labor que a FGE desenvolve perante salientadas personalidades da política galega, española e europea.

Ao longo deste último ano, a FGE seguiu traballando nas liñas marcadas polo Plan Estratéxico da Fundación Galicia Europa 2006-2009, co obxectivo de facer de Galicia unha rexión forte en Europa. Con este fin, a FGE quere contribuir a construír redes de colaboración entre todas aquelas persoas ou entidades con intereses e coñecemento dos asuntos europeos que fagan posible unha maior presenza dos intereses galegos na toma de decisións a nivel europeo.

No Plan Estratéxico da Fundación Galicia Europa 2006-2009, a FGE márcase como meta traballar para dar resposta en Galicia aos dous desafíos máis importantes aos que se enfrenta actualmente a UE:

1. Unha mellor comunicación da actividade europea aos cidadáns galegos.
2. Facer de Galicia unha rexión europea forte no marco das directrices marcadas pola Axenda de Lisboa, que pretende facer de Europa a economía baseada no coñecemento máis competitiva do mundo no ano 2010.

Dentro deste novo contexto, a FGE desenvolve a súa actividade con vistas a lograr os seguintes obxectivos concretos:

- Fomento da participación galega en proxectos europeos, informando e asesorando sobre as posibili-

dades existentes e promovendo o traballo en rede e o intercambio de experiencias entre os potenciais interesados.

- Promoción dos intereses galegos en Europa, para que a toma de decisións no ámbito comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da realidade e dos intereses galegos e para que se teñan en conta as necesarias achegas do sector público e privado de Galicia. A FGE tamén se dedica a difundir a cultura e o folclore galego desde Bruxelas ao resto de Europa.
- Promoción dun coñecemento e achegamento real da sociedade galega ao proceso de construción europea, mediante o reforzo das actividades de formación e información para que teñan unha maior repercusión, tanto desde un punto de vista cuantitativo como cualitativo. Deste modo tamén se contribuirá a mellorar as achegas galegas a dito proceso.

1.2. Composición da Fundación Galicia Europa: Entidades membros e Padroado

PADROADO

O Padroado é o órgano de representación, goberno e administración da Fundación Galicia Europa. Está presidido polo Presidente da Xunta de Galicia e integrado por representantes das entidades membros que compoñen a Fundación. Reúnese durante o primeiro trimestre de cada ano co obxecto de aprobar a xestión económica e a memoria de actividades do exercicio anterior, e de programar as actividades e orzamento do seguinte exercicio.

No ano 2008, esta reunión tivo lugar o 1 de abril na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas.

PRESIDENTE:

SR. D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO
PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENTES:

SR. D. VICENTE ARIAS MOSQUERA
VICEPRESIDENTE DO BANCO PASTOR

SR. D. ALFONSO PAZ-ANDRADE RODRÍGUEZ
VICEPRESIDENTE SEGUNDO CAIXA DE AFORROS DE GALICIA

SECRETARIO XERAL:

SR. D. JOSÉ LUIS MÉNDEZ ROMEU
CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN
PÚBLICAS E XUSTIZA

TESOREIRO:

SR. D. JOSÉ RAMÓN FERNÁNDEZ ANTONIO
CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA

VOCAIS:

SR. D. FERNANDO XABIER BLANCO ÁLVAREZ
CONSELLEIRO DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

SR. D. ALFREDO SUÁREZ CANAL
CONSELLEIRO DO MEDIO RURAL

SRA. DNA. MARÍA CARMEN GALLEGO CALVAR
CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

SR. D. JOSÉ LUIS MÉNDEZ LÓPEZ
DIRECTOR XERAL CAIXA GALICIA

SR. D. JULIO FERNÁNDEZ GAYOSO
PRESIDENTE CAIXANOVA

SR. D. JOSÉ LUIS PEGO ALONSO
DIRECTOR XERAL CAIXANOVA

SR. D. FERNANDO DÍAZ FERNÁNDEZ
DIRECTOR XERAL BANCO PASTOR

SR. D. JESÚS ASOREY CARRIL
REPRESENTANTE DAS CÁMARAS DE COMERCIO DE GALICIA

SRA. DNA. M^a TERESA PISANO AVELLO
DELEGADA DE ESTADO NO CONSORCIO DA ZONA
FRANCA DE VIGO

ENTIDADES MEMBROS DA FUNDACIÓN GALICIA

EUROPA

a) Con representación no Padroado

ENTIDADES MEMBROS FUNDADORAS



ENTIDADES MEMBROS ADHERIDAS (integradas con posterioridade á constitución da Fundación Galicia Europa).



b) Sen representación no Padroado (entidades asociadas)



GRUPO DE TRABAJO

Composto por representantes das entidades membros que compoñen o Padroado, o Grupo de Traballo reúne periodicamente para avaliar a actuación da FGE e programar actividades futuras. En 2008, o grupo de traballo reuniuse o 26 de febreiro en Santiago de Compostela.

Os integrantes deste Grupo de Traballo son:

SR. D. ANTONIO GÓMEZ RIVERA
SUBDIRECTOR XERAL CAIXANOVA

SRA. D^a DOLORES MONTERO VILARIÑO
DEPARTAMENTO INTERNACIONAL CAIXANOVA

SR. D. ALEJANDRO KOWALSKI BIANCHI
DIRECTOR COMUNICACIÓN BANCO PASTOR

SR. D. MIGUEL VIU PEREIRA
DEPARTAMENTO RELACIÓNS XURÍDICAS CAIXA GALICIA

SR. D. FERNANDO BARROS FORNOS
CÁMARAS DE COMERCIO, INDUSTRIA Y NAVEGACIÓN

SR. D. SANTIAGO LÓPEZ-GUERRA ROMÁN
SECRETARIO XERAL CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO

SR. D. JULIO CÉSAR FERNÁNDEZ MATO
SECRETARIO XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES DA XUNTA DE GALICIA Y DIRECTOR-APODERADO DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

SRA. D^a ANA RAMOS BARBOSA

DIRECTORA DA OFICINA DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

SR. D. MANUEL JOSÉ MORÁN GARCÍA

SUBDIRECTOR XERAL DE RELACIÓNS COA UNIÓN EUROPEA DA SECRETARÍA XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES

CONSELLO ASESOR

Desde 2001, existe un Consello Asesor integrado por profesionais de recoñecido prestixio vinculados a diferentes sectores de actividade en Galicia ou na Eurorrexión. Este Consello ten por obxectivo debater sobre as políticas comunitarias que afectan a Galicia, previa consulta con outros axentes sociais ou académicos.

1.3. Organigrama da Fundación Galicia Europa

Julio César Fernández Mato

DIRECTOR

Secretario Xeral de Relacións Exteriores
Xunta de Galicia

Ana Ramos Barbosa

DIRECTORA OFICINA DE BRUXELAS

Sofía Rico Lenza

COORDINACIÓN XESTIÓN FINANCEIRA

Subdirectora Xeral de Xestión, Contratación e Coordinación administrativa

Secretaría Xeral de Relacións Exteriores
Xunta de Galicia

EQUIPO TÉCNICO DE INFORMACIÓN Y ANÁLISIS COMUNITARIO

OFICINA DE SANTIAGO:

Pilar del Oro Sáez

Coordinadora de la Oficina de Información Europea para Xoves

Luís Gago Sotorrío

Apoio Técnico á Secretaría de Relacións Exteriores da Xunta
_Proxectos Europeos

OFICINA DE BRUSELAS:

María Jesús Garea Lodeiro

Técnico adxunto á dirección: coordinación técnica_Proxectos Europeos_I+D+i_Medio ambiente

Vanessa Lobo Casas

Emprego e Asuntos sociais _Desenvolvemento local_Sociedade civil, cultura e política lingüística_Sociedade da Información

Alba Mariño Enríquez

Asuntos institucionais e xurídicos _Mercado interior_
Relaciones exteriores_Salud e consumidores

Eleuterio Rodríguez Mariño

Consellería do Medio Rural, Xunta de Galicia

Olalla López Álvarez

Centro Tecnolóxico do Mar

Dolores Linares Cuerpo (ata o 31 de xullo)

Consellería de Economía e Facenda, Xunta de Galicia

Mar Nogueira Sánchez (dende o 1 de setembro)

Consellería de Cultura e Deporte, Xunta de Galicia

Adriana Varela Fernández

Manuel Pueyo Fernández

Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e
Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia
Oficina de Programas Internacionais de I+D+i

COMUNICACIÓN

OFICINA DE SANTIAGO:

Gabriel Lemos Doval (ata o 31 de agosto)

Carolina Ríos Vila (dende o 15 de setembro)

OFICINA DE BRUXELAS:

Eva Vázquez Salgueiros (ata o el 30 de novembro)

Emma Sola Veiga (dende o 1 de decembro)

ADMINISTRACIÓN E SECRETARIADO

OFICINA DE SANTIAGO:

M^a Belén Rodríguez Martín
Responsable Administración

Gabriela Denise Loreiro Szeliga
Auxiliar administrativo

OFICINA DE BRUSELAS:

Marlène Fernández González
Responsable Administración

Renée Avial García
Secretaria de Dirección

LICENCIADOS EN PRÁCTICAS

OFICINA DE SANTIAGO:

Mónica Balboa Beltrán

Roi Rodríguez Silva

Noelia Vijande Llanes

Bolseiros da FGE en asuntos relacionados coa Unión Europea

OFICINA DE BRUXELAS:

Manuel Crespo Otero

Álvaro Campos Mosquera

María Encarnación Lorenzo Pascual, substituída por **Emma Sola Veiga** dende o 18 de setembro ata o 30 de novembro

Ana María Veiras Neira, substituída por **Cristina Quintáns Lago** dende o 18 de setembro

Bolseiros da FGE en asuntos relacionados coa Unión Europea

M^a Ángeles Rodríguez Soto

Bolseira do Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)

OFICINA DE INFORMACIÓN EUROPEA PARA XOVES
Rúa dos Feáns 3C baixo,
15706 Santiago de Compostela
Teléfono: 981.54.10.10

1.4. Convenios coa Xunta de Galicia

CONVENIOS CON CONSELLERÍAS

Co obxectivo de fortalecer a presenza de Galicia en Bruxelas perante a UE e respondendo á necesidade das Consellerías de contar con persoal propio na sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas que permita reforzar o labor do equipo da oficina no asesoramento en temas de interese para as Consellerías, a Fundación Galicia Europa foi establecendo desde o segundo semestre do 2006 varios convenios con diferentes departamentos da Xunta de Galicia. Durante 2008 mantivéronse convenios coas seguintes consellerías:

- Consellería do Medio Rural
- Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos
- Consellería de Innovación e Industria
- Consellería de Economía e Facenda (ata o 31 de xullo)
- Consellería de Cultura e Deporte (desde o 1 de setembro)

CONVENIO COA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA

A Fundación Galicia Europa mantivo durante 2008 coa Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar o convenio de colaboración, que desde maio de 1997, tiña coa Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o desenvolvemento de actividades de información e documentación para mozos a través da Oficina de Información Europea para a Mocidade que a propia Fundación Galicia Europa ten na súa sede de Santiago.

A Oficina de Información Europea para a Mocidade está a disposición da mocidade galega para calquera consulta relacionada cos ámbitos que lles preocupa e que teñan unha estreita relación coas competencias que a Unión Europea desenvolve. Salientan entre elas: as bolsas de estudos, as prácticas nas institucións europeas e o financiamento comunitario a través de programas europeos.

CONVENIO CO IGAPE

A Fundación Galicia Europa mantivo tamén durante 2008 un convenio co Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE). Por medio deste convenio, o IGAPE pode dispoñer dun bolseiro en Bruxelas que se integra no equipo de traballo da Fundación Galicia Europa, onde conta co apoio necesario para ampliar a súa formación no ámbito comunitario. Esta persoa encárgase de proporcionar á entidade que a selecciona información concreta nas áreas do seu interese ademais de colaborar co resto do equipo da Fundación Galicia Europa nestes ámbitos.

02

Promoción dos intereses galegos en Europa

A Fundación Galicia Europa traballa para que a toma de decisións no ámbito comunitario tome en consideración a realidade e os intereses galegos, habida conta das posibles repercusións destas decisións no sector público e privado de Galicia.

Polo que se refire ao fomento dos intereses das empresas galegas, a Fundación pon en marcha as seguintes iniciativas:

- Fomento da presenza do sector produtivo galego nos comités consultivos da UE
- Consecución do selo de calidade europeo para centros galegos de excelencia en diversos ámbitos
- Promoción dunha maior participación galega nas licitacións europeas (infraestruturas, redes de transporte, asistencia técnica, etc.)

No ámbito institucional, a FGE exerce un labor de apoio á participación da Xunta de Galicia nas formacións do Consello de Ministros da UE que están abertas a participación das Comunidades Autónomas (CCAA). Con esta finalidade trabállase estreitamente tanto cos servizos da Xunta de Galicia como coa Representación Permanente de España diante da UE en Bruxelas. Así mesmo, no Comité das Rexións, que constitúe un foro privilexiado para a defensa dos intereses galegos, a Fundación presta un importante apoio aos membros titular e suplente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Desde 2002, existe, ademais, unha estrutura de coordinación entre as oficinas das CCAA en Bruxelas na que

participa a FGE, que se mostrou como un instrumento de gran utilidade para o intercambio de información, a posta en común de contactos e o reforzo da interlocución entre as oficinas de CCAA coa Representación Permanente de España e coas institucións europeas.

Por último, séguese impulsando o traballo en rede con outras rexións europeas, que, ademais de garantir intercambios de boas prácticas, permiten un maior achegamento da realidade rexional ás institucións comunitarias. A modo de exemplo, a participación na rede REGLEG de Rexións con Competencias Legislativas permite a presenza de Galicia nun foro privilexiado xunto a máis de 70 rexións de toda Europa.

2.1. Participación de Galicia no Consello da Unión Europea

Os acordos do 9 de decembro de 2004 entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas permitiron formalizar a participación directa destes no Consello da Unión Europea. A presenza das Comunidades Autónomas neste órgano supón un importante paso no avance do sistema de participación autonómica nos asuntos europeos, ao estar en mans do Consello, xunto co parlamento Europeo, o poder legislativo da Unión Europea..

O acordo permite a participación das Comunidades Autónomas en todos os niveis de traballo desta institución europea, desde as reunións do Consello a nivel ministerial, mediante a incorporación dun representante autonómico con rango de conselleiro na delegación española,

ata a presenza directa nas instancias preparatorias das reunións do Consello, tales como os grupos de traballo do Consello. Desde 2004 a participación autonómica é unha realidade nas formacións do Consello de Agricultura e Pesca, Educación, Cultura, Mocidade e Audiovisual, Emprego, Política Social, Saúde e Consumidores, e Medio Ambiente.

No marco do principio de unidade de representación exterior do Estado e de lealdade institucional, o novo modelo trata de fortalecer os mecanismos de formación da vontade do Estado para integrar mellor as realidades dun sistema complexo e descentralizado como o español, ao mesmo tempo que intenta configurarse como un sistema de participación áxil e flexible, susceptible dun gradual desenvolvemento.

Despois da posta en marcha do acordo, levada a cabo durante o ano 2005, os anos 2006 e 2007 serviron para consolidar as prácticas iniciadas e continuar coa participación das Comunidades Autónomas nos diversos niveis de traballo do Consello da Unión Europea.

Ao longo de 2008 a Fundación Galicia Europa continuou prestando apoio aos departamentos competentes da Xunta de Galicia co obxectivo de facilitar a participación e a comunicación de todas as persoas responsables neste ámbito. A colaboración estendeuse á Representación Permanente de España perante a Unión Europea e ás demais oficinas autonómicas, o que facilitou o seguimento do desenvolvemento dos traballos nas diferentes formacións do Consello abertas á participación autonómica.

2.2. Participación de Galicia no Comité das Rexións

O Comité das Rexións (CdR) é a asemblea consultiva comunitaria na que están representados os entes locais e rexionais da Unión Europea. Composto por 344 membros (21 dos cales son españois), o membro titular e o membro suplente representantes da comunidade Autónoma de Galicia son o presidente da Xunta de Galicia e o secretario xeral de Relacións Exteriores da Xunta de Galicia, respectivamente.

En tanto que órgano consultivo da Unión Europea, o Comité debe ser consultado obrigatoriamente nunha serie de materias concretas como a cohesión económica e social, o transporte, o emprego, a educación ou a cultura, aínda que tamén pode ser consultado sempre que se estime oportuno. Igualmente, o CdR elabora dictames por iniciativa propia, o que lle permite tratar calquera asunto que figure na axenda europea.

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, en permanente coordinación coa Xunta de Galicia, presta asistencia e apoio aos membros galegos do CdR na súa participación nos traballos do Comité. Xunto co apoio loxístico, a oficina fai un seguimento constante dos traballos do Comité e colabora na elaboración de emendas a dictames e informes debatidos tanto nas reunións de comisións nas que participa Galicia como no pleno de Comité, cando se considera necesario para a inclusión e consideración dos intereses de Galicia.

No actual período, os membros galegos forman parte das seguintes comisións sectoriais:

- Comisión de Desenvolvemento Sostible (DEVE): os seus ámbitos de competencia son, entre outros, a política agrícola común e o desenvolvemento rural, a pesca, e o medio ambiente.
- Comisión de política territorial (COTER): con competencias nos ámbitos de cohesión económica e social e cohesión territorial, fondos estruturais, cooperación territorial e transportes e redes transeuropeas de transporte.

De entre as principais actividades realizadas polos membros galegos ao longo do ano 2008, e que contaron co apoio do persoal da Fundación Galicia Europa, debemos destacar as diferentes iniciativas vinculadas ao debate sobre as Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial ou á revisión da Política Agrícola Común.



2.3. Colaboración entre as oficinas rexionais españolas en Bruxelas (CORE)

Os directores das oficinas rexionais españolas en Bruxelas asinaron no 2002, baixo a coordinación da oficina da Fundación Galicia Europa, un Acordo de Colaboración co obxectivo de estreitar as súas relacións, mellorar os seus sistemas de información e potenciar os seus recursos humanos. A posta en marcha desta colaboración permitiu reforzar a interlocución destas oficinas diante das institucións europeas e diante da Representación Permanente de España diante da Unión Europea (REPER). Durante o ano 2008 a coordinación das oficinas rexionais foi asumida pola oficina do Goberno de Cantabria no primeiro semestre e pola oficina do Goberno da Xunta de Castela-A Mancha no segundo.

Os traballos desenvolvidos pola CORE durante 2008 estiveron evidentemente marcados pola axenda europea, en cuxo centro se situou o proceso de ratificación do Tratado de Lisboa, que o 12 de xuño se viu sacudido polo resultado negativo do referendo irlandés.

Os directores das oficinas mantiveron durante 2008 diversos encontros para a discusión de temas de interese común, tales como os relacionados co funcionamento do acordo entre as oficinas, en especial o traballo dos Grupos de Coordinación Técnicos (GCT), os relativos á presenza da delegación española no Comité das Rexións, as relacións coa REPER ou a participación das Comunidades Autónomas no Consello de Ministros da Unión Europea.

En relación coas reunións externas mantidas polos directores, hai que destacar as reunións e/ou comidas de traballo celebradas cos seguintes responsables na capital comunitaria:

- Marc Taquet-Graziani, responsable da dirección Xeral de Comunicación da Comisión Europea, sobre a comunicación "Comunicar Europa en asociación".
- Carlos Gómez Múgica, novo embaixador de España diante do Reino de Bélxica.

- Eric Dufeil, novo xefe de unidade de España na dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea.
- Maruja Gutiérrez, Ana Magraner e Roger O'Keeffe, representantes da Dirección Xeral de Educación, Audiovisual e Cultura, sobre a declaración do ano 2009 como Ano Europeo da Creatividade e a Innovación.
- Susana del Río, membro do comité de expertos da Comisión Europea en democracia nun contexto supranacional, comunicación cos cidadáns e gobernabilidade.
- Joaquín Almunia, comisario para Asuntos Económicos e Monetarios (2 encontros).
- Fernando Carbajo e Jaume Duch, responsables de comunicación no Parlamento Europeo sobre a estratexia de comunicación das eleccións ao Parlamento Europeo 2009.
- Cecilio Madero, director na Dirección Xeral de Competencia da Comisión Europea, sobre o novo regulamento de exención por categorías.

Por último, dentro do marco do CORE organizáronse varias accións de formación dirixidas a bolseiros que realizan prácticas profesionais nas oficinas rexionais ou nas institucións comunitarias. As xornadas de formación para bolseiros trataron sobre as funcións das oficinas, as súas relacións coas institucións comunitarias, as políticas comunitarias de maior interese para as Comunidades Autónomas e as oportunidades de emprego en Bruxelas.

Grupos de coordinación técnicos

No marco dos obxectivos previstos mediante o Acordo de Colaboración, os Grupos de Coordinación Técnicos (GCT) teñen como misión principal o seguimento e a análise técnico continuado das políticas públicas comunitarias, desde o inicio do proceso de concepción das mesmas por parte da Comisión ata a súa adopción polo Consello e, de ser o caso, polo Parlamento Europeo. Con este propósito, desenvolven contactos con persoas axeitadas para o seguimento destes procesos, ás que se convida a participar nas súas reunións.

Oficinas coordinadoras

Tendo en conta as áreas de interese das Comunidades Autónomas, durante o ano 2008 funcionaron 12 GCT para cada un dos cales se designa unha oficina coordinadora.

- GCT Pesca: Coordinación: Galicia.
- GCT Política Rexional e Cohesión: Coordinación: Galicia durante o primeiro semestre e Asturias durante o segundo.
- GCT Agricultura: Coordinación: Andalucía.
- GCT Asunto Sociais e Emprego: Coordinación: Madrid.
- GCT CdR e Gobernanza: Coordinación: Asturias.
- GCT Competitividade e Enerxía: Coordinación: Castela e León.
- GCT Cultura, Audiovisual, Educación e Mocidade: Coordinación: Cataluña.
- GCT I+D e Sociedade da Información: Coordinación: Madrid.
- GCT Xustiza e Inmigración: Coordinación: Cataluña.
- GCT Medio Ambiente: Coordinación: Cantabria.
- GCT Relacións Exteriores e Cooperación ao Desenvolvemento: Coordinación: Valencia.

- GCT Seguridade Alimentaria, Sanidade e Consumo: Coordinación: Valencia - Andalucía.
- GCT Transportes: Coordinación: Aragón

2.4. Organización de visitas de representantes galegos a Bruxelas

A oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas participa de maneira salientada na organización de visitas á capital europea de responsables políticos e técnicos do sector público ou privado e doutros grupos de diversa índole procedentes de Galicia.

En liñas xerais, o traballo desenvolvido pola oficina inclúe as seguintes tarefas:

- Definición, de acordo cos interesados, dos interlocutores máis apropiados no seo das institucións europeas (principalmente, Comisión e Parlamento Europeo), na Representación Permanente de España diante da Unión Europea e outros organismos ou asociacións establecidos en Bruxelas ou vinculados ao mundo europeo que poidan ser de interese.
- Establecemento dos contactos e confección dos programas de visitas.
- Asesoramento técnico en relación coas políticas europeas concernidas.
- Acompañamento durante as entrevistas: presentacións de apoio técnico e loxístico.
- No caso de visitas de grupos, organización de charlas nas institucións europeas e nas propia Fundación Galicia Europa sobre a Unión Europea.

Durante o ano 2008, deben resaltarse as seguintes visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas:

- A secretaria xeral de Política Lingüística, M^a Sol López Martínez, desprazouse a Bruxelas en dúas ocasións. Nunha primeira visita, mantivo un encontro co comisario de Multilingüismo, Leonard Orban, e cos

funcionarios europeos responsables dos servizos de interpretación e tradución das institucións comunitarias grazas ás xestións da FGE. Posteriormente, regresou a Bruxelas para inaugurar a exposición *As nosas palabras, os nosos mundos*, unha mostra deseñada para dar a coñecer e poñer en valor a lingua propia dentro do contexto plurilingüe da sociedade global. Esta iniciativa desenvólvese coa colaboración da Fundación Galicia Europa, na sede da Comisión Europea no mes de setembro, coincidindo co Ano Internacional das Linguas e o Ano Europeo do Diálogo Intercultural. A mostra foi inaugurada polo comisario de Multilingüismo da UE, Leonard Orban.



©O secretario xeral de Relacións Exteriores, Julio Fernández Mato, membro suplente do Comité das Rexións (CdR), trasladouse a Bruxelas en varias ocasións para representar a Galicia nas cinco sesións plenarias que este Comité celebra cada ano, así como nas reunións das comisións COTER e DEVE do CdR das que Galicia é membro. En todas estas reunións contou co apoio da Fundación Galicia Europa.

©O conselleiro de Presidencia, D. José Luís Méndez Romeu, desprazouse a Bruxelas en dúas ocasións cos seguintes motivos:

- Lanzamento na oficina da FGE do proxecto "Formación para a xestión de emerxencias en zonas trans-

fronteirizas de Galicia e Norte de Portugal" (FOSE-POGA), Instrumento Financeiro de Protección Civil (Convocatoria de 2007), apoiado pola dirección Xeral de Medio Ambiente da Comisión Europea. Estivo acompañado pola directora xeral de Protección Civil, Esther González Saavedra, e os técnicos do devandito departamento encargadas de liderar o proxecto.

- Visita institucional ao capital europea dunha delegación de alcaldes de Galicia organizada pola Fundación Galicia Europa.

© O presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, e o resto dos membros do Padroado da Fundación Galicia Europa desprazáronse a Bruxelas para celebrar a súa reunión anual e asistir á inauguración das novas instalacións da Fundación nesta cidade. Durante esta visita organizáronse encontros bilaterais do presidente con diversos responsables das institucións europeas, como os comisarios de Asuntos Económicos e Financeiros, Joaquín Almunia, e de Ciencia e Investigación, Janez Potocnik, así como o Alto Representante da UE para a Política Exterior e de Seguridade, Javier Solana, entre outros.

© O director técnico do Plan Estratéxico da Deputación da Coruña, Aureliano García González-Llanos, asistiu en Bruxelas a unha serie de encontros cos responsables de Dirección Xeral de Política Rexional da Comisión Europea fixado pola Fundación Galicia Europa.

2.5 Organización de visitas de grupos a Bruxelas

© Intercambio do alumnado de 6º de Educación Primaria do CEIP Vista Alegre burelense (Lugo) co do colexio GBS de Bosmier de Balen (Bélxica) no marco do concurso de pintura Contos e Lendas da Unión Europea II. Esta iniciativa formaba parte do proxecto europeo Water: The Source of our Comenius Friendship, incluído no programa Comenius 1.1, e no que participan tamén outros 9 centros escolares de Bélxica, Finlandia, Noruega, Estonia, Grecia, e Chipre. O produto final é un libro sobre mitos e lendas relacionados coa auga de todos os países participantes. Os mozos galegos visitaron a sede da Fundación Galicia Europa en Bruxelas, onde se lles explicou o traballo desenvolvido por esta.



© Unha delegación de empresarios da Confederación de Empresarios de Ourense desprazouse á capital europea para coñecer de primeira man as institucións comunitarias. Aproveitaron a súa estancia para manter un encontro coa Fundación Galicia Europa e, máis especialmente, co recentemente creado Centro de Negocios Galicia Europa que organizou un programa de encontros con responsables das organiza-

cións empresariais españolas en Bruxelas e eurodeputados galegos.

- ⊗ Un grupo de letrados da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia visitou a capital europea para seguir profundando no seu coñecemento do entramado comunitario. A Fundación Galicia Europa organizou dous seminarios na súa sede de baixo o título Unha aproximación xurídica aos novos retos da Unión Europea, ao que foron invitados funcionarios europeos expertos na materia.
- ⊗ Visita dunha vintena de alcaldes de municipios galegos xunto cunha delegación da Federación Galega de Municipios e Provincias e da Consellería de Presidencia. Seguindo o programa preparado pola Fundación Galicia Europa, este grupo realizou visitas ao Parlamento Europeo, a Comisión Europea e o Comité de Rexións para coñecer de preto a súa función e funcionamento. Ademais, visitáronse os concellos de Bruxelas Capital, Saint Gilles e Krainneem, onde mantiveron entrevistas con responsables dos mesmos.
- ⊗ Acollida dun grupo de funcionarios de países candidatos e potenciais candidatos, no marco do seminario de Política de Cohesión organizado pola Universidade Autónoma de Barcelona. Técnicos da Fundación Galicia Europa explicáronlles os trazos máis distintivos de Galicia, o seu papel dentro da política rexional e as funcións da oficina da FGE como representante dos intereses galegos antes as institucións comunitarias, entre outros.
- ⊗ Charla na sede da Fundación Galicia Europa para o grupo de alumnos do Máster de Estudos da UE da Universidade da Coruña.

2.6 Actividades culturais en Bruxelas

Dentro da promoción dos intereses galegos en Europa, a Fundación promove diferentes actividades culturais na capital comunitaria e fóra dela co fin de dar a coñecer a cultura e identidade galegas. A seguir detállanse as desenvolvidas no 2008.

- ⊗ Venres, 16 de maio: proxección dunha selección das curtametraxes experimentais e de animación máis destacados do panorama actual do audiovisual galego, en colaboración co Centro Galego de Bruxelas.
- ⊗ Martes, 20 de maio: estrea do documental sobre a traxectoria vital e a carreira do cantante Andrés Dobarro, coa presenza do director do filme, Anxo Fernández e de Xavier Alcalá, escritor e director da Oficina de Programas Internacionais de I+D (OPIDI), e José Manuel Silva, director xeral de Investigación da Comisión Europea, letristas de Dobarro e voces principais do documental.
- ⊗ Sábado, 24 de maio: presentación do grupo vigués Donatore di Groove dentro do festival Jazz Marathon, que se celebra todos os anos en Bruxelas con concertos nas rúas e locais ao longo dunha fin de semana.
- ⊗ Sábado, 7 de xuño: participación na xornada de portas abertas das institucións europeas cun posto sobre Galicia no Comité das Rexións.
- ⊗ Axuda ao espectáculo 100 Voltas producido por Muziekpublique que se estreou en Bruxelas o 9 de maio e que combina música galega con danzas do mundo.
- ⊗ 22 de setembro ao 3 de outubro: exposición As nosas palabras, os nosos mundos da DX de Política Lingüística, no edificio Berlaymont da Comisión Europea.
- ⊗ 15-22 de outubro: exposición "Pioneiras", do Servizo Galego de Igualdade, que rende homenaxe ás primeiras mulleres empresarias galegas. Sala da FGE en Bruxelas.

©7 de novembro de 2008-31 de xaneiro de 2009: exposición fotográfica Onde as ausencias abren súas ás, de Manuel Vilariño, Premio Nacional de Fotografía 2007. Instituto Cervantes de París.



©20 de outubro-1 de decembro de 2008: curso de lingua galega, nivel CELGA 2. O curso clausurouse cunha conferencia a cargo do escritor galego Xavier Queipo.

2.7. Organización de seminarios en Bruxelas

Grazas ás novas instalacións da sede de Bruxelas, este ano foi posible a celebración dun maior número de actos nos que se reuniu a diferentes representantes da sociedade galega, das institucións comunitarias e doutras oficinas de representación en Bruxelas para debater temas de común interese para Galicia e Europa. A nova sala de reunións e eventos, con capacidade para preto de 100 persoas, revelouose como un instrumento moi útil para a promoción dos intereses galegos na capital comunitaria.

Estes foron os actos organizados durante 2008 que merecen destacarse:

©23 de setembro: Seminario sobre as linguas rexionais no marco da nova estratexia de multilingüismo da UE. Tres días despois da proposta feita pública pola Comisión Europea, a FGE organizou un seminario sobre o papel das linguas rexionais nesta nova estratexia comunitaria. Participaron como relatores: a funcionaria da Comisión Europea encargada deste dossier, un representante da Rede de Promoción da Diversidade Lingüística, a secretaria xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, un representante da delegación de Bretaña en Bruxelas e o xefe da Unidade de Interpretación española da Comisión Europea.

©6-8 de outubro: Participación na Semana Europea das Rexións e Cidades - Open Days 2008. Organización dun seminario sobre cambio climático dentro do consorcio denominado Celtic Connections formado por nove rexións de orixe celta.



©15 de outubro: Aproveitando a visita dun grupo de mulleres empresarias a Bruxelas organizada polo Servizo Galego de Igualdade, a FGE organizou un seminario sobre a promoción da iniciativa empresarial entre as mulleres que contou coa participación dunha eurodeputada especializada no tema, dous representantes da Comisión que presentaron a acción comunitaria en materia de igualdade de oportunidades e de educación para o espírito empresarial, así como a intervención da directora do Servizo Galego de Igualdade. Este foro serviu, ademais, para presentar exemplos de mulleres empresarias galegas.

©6 e 7 de novembro: Con motivo da visita dun grupo de letrados da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, a Fundación Galicia Europa organizou un seminario baixo o título Unha aproximación xurídica aos no-

vos retos da Unión Europea, ao que foron invitados funcionarios europeos expertos na materia que interviñeron nas tres mesas redondas celebradas para tratar temas como as axudas do Estado en tempo de crise, os contratos públicos ou as infraccións en materia de pesca e agricultura.

©10 de decembro: Acto de presentación do “Plan de Desenvolvemento Económico Industrial para As Pontes”, en colaboración coa Oficina de Promoción e Desenvolvemento Económico (OPYDE).

©9 de outubro: Conferencia Europea sobre os fondos estruturais e o 7º programa marco de investigación e desenvolvemento da Unión Europea (proxecto SFE-RA) e presentación das conclusións dun estudo sobre o tema para Galicia, en colaboración coa Oficina de Programas Internacionais de I+D+i da Xunta de Galicia (Opidi).

03

Fomento da participación galega en proxectos europeos

Durante o ano 2008, a Fundación Galicia Europa prestou o seu apoio para o lanzamento, execución e difusión de resultados de diferentes proxectos de dimensión europea participados por entidades galegas. Este apoio traducíuse en accións de diversa índole como as que a continuación se detallan:

3.1. Asesoramento na fase preliminar dos proxectos

Diferentes entidades galegas dirixíronse á Fundación Galicia Europa para informarse sobre as posibilidades de financiamento existente a nivel comunitario e sobre o modo de participar nos diferentes programas europeos. Detállanse de seguido algunhas destas consultas:

- **Concello de Vigo:** asesoramento na busca de financiamento no ámbito das enerxías renovables.
- **Centro Tecnolóxico da Carne:** asesoramento na presentación dunha proposta dentro do subprograma Leonardo del Programa de Aprendizaxe Permanente.
- **CIMO:** asesoramento para a presentación dun proxecto Interreg no ámbito do emprego.
- **Asociación Ferrol Metrópole:** realización dun estudo pormenorizado das posibilidades de financiamento comunitario para a realización de actuacións relacionadas coas tecnoloxías ambientais (7º Programa Marco de Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico 2007-2013, Programa de Innovación e Competitividade e LIFE PLUS 2007-2013). Por outra parte, informouse das posibilidades de financiar ac-

tuacións no ámbito da política de emprego con cargo ao programa PROGRESS 2007-2013 e ao Fondo Social Europeo.

- **Museos Científicos da Coruña:** prestación de asesoramento sobre as diferentes posibilidades de financiamento comunitario das actuacións de divulgación científica que se realizan a través dos tres museos científicos da cidade da Coruña.

Así mesmo, prestouse asesoramento específico para a busca de socios trasnacionais, xa que é un dos requisitos indispensables que se esixen á hora de participar en proxectos europeos. Estas son algunhas das entidades ás que se asesorou neste sentido:

- **Dirección Xeral de Medioambiente:** difusión dunha busca de socios para participar na segunda convocatoria de Interreg IV C.
- **Concello de Allariz:** difusión de boas prácticas sobre o fomento do uso das tecnoloxías de información e comunicación a nivel local co obxecto de atopar socios para o intercambio de experiencias.
- **Consellería de Traballo:** posta en contacto da Xunta de Andalucía para a participación nun proxecto do programa PROGRESS.
- **Portos de Galicia:** busca dun socio francés para un proxecto sobre intermodalidade dentro da convocatoria Interreg SUDOE.
- Busca de socios en Galicia para adherirse a unha proposta liderada pola rexión de Aquitania dentro da

a primeira convocatoria de propostas de INTERREG Espazo Atlántico.

3.2. Axuda á realización de actividades de execución do proxecto

Durante a fase de execución do proxecto, poden xurdir algunhas dúbidas que necesitan do contacto directo coa Comisión ou dunha opinión contrastada co desenvolvemento doutros proxectos. A Fundación Galicia Europa ofrece nestes casos asesoramento técnico para o bo desenvolvemento dos proxectos, ademais de ceder a súa sala para o encontro con socios e a celebración de actos de difusión dos resultados dos proxectos.

Durante 2008 o salón de reunións e conferencias en Bruxelas cedeuse para a celebración de diferentes actos en relación con proxectos europeos:

- Euromot: as organizacións Eixo Atlántico, City Twins e Mot reuníronse na oficina da Fundación Galicia Europa para avanzar no establecemento dunha rede de de asociacións de cooperación transfronteiriza a nivel europeo denominada Euromot.
- Reunión Transnacional dun proxecto no marco do programa Enerxía Intelixente para Europa da Axencia Enerxética Provincial da Coruña, a Axencia Enerxética de Thermopolis (Finlandia), a Axencia Enerxética, de Podkarpackie (Polonia) e a Axencia Enerxética de Popovo (Bulgaria).
- Presentación do proxecto europeo FOSEPOGA, liderado pola Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia, dentro da convocatoria 2007 do Instrumento Financeiro de Protección Civil.
- Reunións con socios ou potenciais socios de proxectos da Oficina de Programas Internacionais (OPIDI) de I+D dependente da Consellería de Innovación e Industria.

- *Market Place on Eco-Innovation*: seminario sobre o apartado Ecoinnovación do Programa de Competitividade e Innovación organizado pola Rede de Rexións Europeas para a Investigación e a Innovación Rexional (ERRIN), á que pertence a OPIDI.
- Reunión para a preparación dun proxecto INTERREG IV C, no que participan Portos de Galicia e representantes de entidades públicas de Noruega, Alemaña, Francia, Lituania e Romanía.



- Reunión para a preparación da proposta para o 7º Programa Marco de Investigación dos membros de consorcio SAFEBUS.

A FGE entrou, ademais, a participar como socio difusor de resultados nas propostas de dous proxectos nos que participaban entidades galegas. Doutra banda, transmitiu á Comisión Europea exemplos de boas prácticas galegas en materia de creatividade e innovación para a celebración do Ano Europeo que se celebra no 2009.

04

Información sobre a UE

4.1. Portal Web

Ano e medio despois da súa creación, o novo portal converteuse nunha das máis eficaces ferramentas para achegar Europa ao cidadán, obxectivo salientado do plan estratéxico 2006-2009 da Fundación Galicia Europa. En xeral, a Web permite un completo seguimento da actualidade europea desde a perspectiva galega, ao tempo que actúa como receptora das inquietudes da cidadanía e dá a coñecer importantes oportunidades de futuro.

Sen embargo, non só os particulares, tamén as empresas, necesitan estar informadas das vantaxes que comporta formar parte da Unión Europea. Por este motivo, o portal da FGE acolle novas seccións vinculadas ao Centro de Negocios Galicia Europa. Nelas é posible consultar toda a información sobre o programa de xestores externos de exportación, as infraestruturas e o apoio instrumental ofrecido, a dispoñibilidade de asesoramento en temas europeos e a liña de bolsas para mozos.

A este respecto, entre as novidades deste ano, salienta moi especialmente a inclusión na web dunha nova sección:

- **Xanela única de oportunidades para as pemes.**

Trátase dunha experiencia pioneira na compilación de información en liña sobre axudas e subvencións ás que pode optar a pequena e mediana empresa para a internacionalización dos seus produtos. O obxectivo final é guiar ao empresario durante todo o proceso de exportación poñendo á súa disposición a información que necesita a tan só un clic de rato,

xa que cada apartado conta con ligazóns directos ás fontes de información primarias.

Datos

A popularidade deste sitio Web non fixo máis que aumentar desde a súa renovación. No 2008, as estatísticas rexistran un volume de ao redor de 926.500 páxinas vistas. Cada usuario visita unha media de dez páxinas por sesión, á que dedica aproximadamente 7 minutos. Os datos falan dunha media diaria de 2.650 páxinas descargadas, o que demostra a importancia de coidar os contidos e desenvolver ao máximo as posibilidades comunicativas do formato Web.

Durante este exercicio, levouse a cabo un labor de análise e seguimento da evolución do portal co obxectivo de planificar futuras modificacións que poidan incidir nunha maior eficacia comunicativa.

4.2. Boletín electrónico

Editado cada 15 días, este boletín chega xa a preto de 700 subscritores que, desta maneira, mantéñense ao tanto das últimas noticias, convocatorias e procuras de socios publicadas na web. As medidas europeas en reacción á crise mundial e a participación de Galicia no Comité das Rexións foron dous dos temas máis tratados dentro das noticias. No apartado de convocatorias europeas, fíxose un seguimento de todas as oportunidades de financiamento xurdidas dentro dos programas europeos, con especial atención ás convocatorias de cooperación territorial (transfronteiriza,

transnacional e interrexional), de especial interese para as entidades galegas.

4.3. Proxecto de información da Unión Europea en América Latina

Durante a súa visita a Bruxelas o 1 de abril, o presidente da Xunta de Galicia, Emilio Pérez Touriño, mantivo co director xeral de Relacións Exteriores da Comisión Europea, Gorka Landáburu, unha entrevista na que se acordou que a Fundación Galicia Europa colaborase coa Comisión Europea para a posta en marcha de seminarios de información sobre a UE en América Latina, aproveitando a presenza da ampla comunidade galega no exterior. O obxectivo final: promover a discusión e a reflexión sobre o proceso de integración europea, as súas características, as posibilidades de interacción coa sociedade arxentina e a súa posible influencia nos procesos de integración rexional no contexto de América Latina.

